



Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Internships (Prácticum)	Code	652512207		
Study programme	Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Obligatory	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica				
Coordinador		E-mail			
Lecturers		E-mail			
Web	http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=table&id_titulacion=600				
General description	<p>O prácticum do mestrado leva consigo 150h. de traballo, das que o 50% é a realizar no centro (75h) e o outro 50% é para traballar na memoria. Como norma xeral, o prácticum realizarase entre os meses de xaneiro e abril, é supón como promedio 8h semanais, se ben pode adecuarse o horario ás necesidades e organización do centro.</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios do ámbito educativo ou socioeducativo do século XXI, para facilitar que o estudiantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro ou institución e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas neste mestrado que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> <p>Polo tanto, este módulo profundiza na formación para a dirección e xestión de centros educativos e equipamentos socioeducativos, a través do desenvolvemento de competencias específicas e prácticas do liderazgo. Procurarase adquirir unha visión de conxunto de desenvolvemento da dirección de institucións educativas, así como das labores inherentes nela</p>				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A3	Elaborar plans estratéxicos a nivel directivo e operativo para asegurar o incremento da calidade nas organizacións ou institucións educativas.
A5	Deseñar, analizar, seleccionar e aplicar técnicas e instrumentos de recollida e análise da información para desenvolver procesos de avaliación de programas, servizos, estratexias e recursos de intervención socioeducativa en diversos contextos.
A6	Desenvolver proxectos educativos de centro e/ou propostas pedagóxicas innovadoras baseadas na xustiza, a democracia e a diversidade.
A8	Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar e/ou socioeducativa.
A9	Capacidade para desenvolver procedementos e metodoloxías que potencien a interdependencia e unha comunicación fluída entre diferentes axentes educativos e culturais tanto a nivel interno como co social máis amplo.
A11	Capacidade para fomentar e liderar a creatividade e innovación nas entidades e institucións promovendo proxectos orientados ao cambio de culturas profesionais.
B2	Capacidade de resolución de problemas
B8	Traballo colaborativo
B11	Capacidade de organización e planificación



B12	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B13	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B14	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B15	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B16	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
C2	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coas súas áreas de estudo.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Capacidade de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclua reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos, valorando criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Familiarizarse cos diferentes contextos profesionais propios do ámbito educativo e socioeducativo	AJ3 AJ5		CC2 CC5
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan aos procesos de dirección, xestión e innovación educativa e socioeducativa			CC5 CC6
Deseñar proxectos e programas e servizos que promovan a participación e o desenvolvemento educativo e comunitario	AJ3 AJ5 AJ6 AJ8 AJ9 AJ11		
Deseñar e implementar programas de avaliación que permitan concretar accións de mellora para os programas, proxectos e servizos nos diferentes ámbitos de dirección e xestión			BC2 BC8 BC11 BC12 BC13 BC14 BC15 BC16

Contents	
Topic	Sub-topic
Os contidos que se abordarán nos diferentes destinos de prácticas estarán básica e intimamente relacionados coa dirección, xestión e innovación de institucións escolares e socioeducativas e os labores inherentes a eles.	1-Planificación estratéxica e cultura participativa 2-Metodoloxías participativas da análise da realidade 3-Formulación e avaliación do plan estratéxico 4-Orientacións para a realización da memoria de prácticas

Planning



Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Field trip	A3 A5 A6 A8 A9 A11 B2 B8 B11 B12 B13 B14 B15 B16 C2 C5 C6	75	0	75
Document analysis	A8 B12	0	10	10
Seminar	A9 A11 B2 B11	10	0	10
Student portfolio	A5 A6 B13 B14 B15 B16	0	45	45
Personalized attention		10	0	10

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Field trip	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 150 horas de permanencia na institución escolar e socioeducativa durante as cales se realizarán tarefas de dirección e xestión propia institución.
Document analysis	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución do ámbito escolar e socioeducativo. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento dos centros, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum
Seminar	1.Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum. 2.Selección de institución (2 horas). 3.Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade (6 horas). - Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitándose calquera outra suxestión que estimar oportuna. - Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin. -Ao finalizar a estada na institución, de avaliación e reflexión final do practicum.
Student portfolio	Ver anexos

Personalized attention	
Methodologies	Description
Student portfolio	A atención personalizada concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.
Field trip	
Seminar	A forma e o momento en que se desenvolverá indicaranse para cada actividade ao longo do Practicum e o plan de traballo. O profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías. O/a Titor/a da UDC realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Ademais, manterá unha fluidez comunicativa co titor/a da institución, de maneira que garante o desenvolvemento adecuado do practicum.



Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Student portfolio	A5 A6 B13 B14 B15 B16	Os criterios avaliativos serán: - Capacidade de relación teoría-práctica - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade para relacionar ideas e accións - Capacidade de argumentar e fundamentar. - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións. - Capacidade de autoavaliación e autocrítica - Orixinalidade da proposta	45
Field trip	A3 A5 A6 A8 A9 A11 B2 B8 B11 B12 B13 B14 B15 B16 C2 C5 C6	O titor/a da facultade será o único que realizará a avaliación, valorando a implicación e a actuación do alumnado nos centros de practicum	50
Seminar	A9 A11 B2 B11	Avaliándose cos criterios -Asistencia a todas as sesións -Calidade das achegas á hora de expor dúbidas, expor ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese, etc.	5

Assessment comments

Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar, será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas e portafolios. Elementos de avaliación que se poden recuperar na 2ª oportunidade de avaliación (Xullo): 1. As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida en xuño mantense para xullo. Isto supón que un suspenso en xuño implica a non superación da materia. 2. Os seminarios e xornadas non se poden recuperar, polo que a nota en xuño mantense para xullo. 3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non o supere en xuño terá ocasión de melloralo en xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos avaliados. Cualificacións: 1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada elemento avaliado, co seu peso respectivo. 2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota de parte non superada. 3. Non realizar as prácticas e estando matriculado na materia supón un NP. 4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas superadas supón obter como máximo a cualificación de 4, que se corresponde con un 10 nas prácticas.

Sources of information

Basic	Cómpre consultar a listaxe das diferentes materias do mestrado segundo o ámbito elixido e de acordo as indicacións do titor/a
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.